

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Negreira, en sesión ordinaria celebrada con data de 13 de xullo de 2026, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Negreira.

Por medio do presente, ábrese un período de información pública polo prazo de trinta días contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da exposición pública da referida Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ós efectos de que os/as interesados/as poidan presentar reclamacións ou suxestións que estimen pertinentes.

O texto da referida Ordenanza é o que figura a continuación:

**ÍNDICE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA
DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE NEGREIRA**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

- A.1. Obxecto.
- A.2. Ámbito de aplicación.
- A.3. Natureza, definición e obxectivos do servizo.
- A.4. Contido do servizo.
- A.5. Persoas destinatarias.
- A.6. Dereitos das persoas usuarias.
- A.7. Deberes das persoas usuarias.
- A.8. Deberes d@s auxiliares de axuda no fogar.

CAPÍTULO II: DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª: DISPOSICIÓNS COMÚNS.

- A.9. Formas de prestación do servizo.
- A.10. Requisitos específicos.

SECCIÓN 2ª: MODALIDADES.

- A.11. Modalidades de acceso ó servizo.

SECCIÓN 3ª: DO PROCEDIMENTO.

- A.12. Solicitudes e documentación.
- A.13. Valoración de solicitudes.
- A.14. Proposta e resolución.
- A.15. Denegación do servizo.

SECCIÓN 4ª DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

- A.16. Desenvolvemento da prestación do servizo.
 - A.17. Intensidade do servizo.
 - A.18. Temporalidade do servizo.
 - A.19. Causas de extinción e modificación do servizo.
 - A.20 Causas de suspensión temporal do servizo.
 - A.21 Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias de dependencia.
 - A.22. Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros usuarios que impliquen copagamento.
 - A.23. Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.
 - A.24. Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento.
 - A.25. Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos.
 - A.26. Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos.
 - A.27. Obrigados ó pagamento.
 - A.28. Nacemento da obriga de pago.
 - A.29. Infraccións e sancións.
- DISPOSICIÓN ADICIONAL**
- DISPOSICIÓN DEROGATORIA**
- DISPOSICIÓN FINAL**



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira - A Coruña
Tfno.: 981 885 381 Fax: 981 885 328
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS
servicios.sociales@concellodenegreira.es

**ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO
DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE NEGREIRA**

25 DE MAIO DE 2026

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa aprobación do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido no citado decreto. En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, do Concello de Negreira, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria, e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través da presente ordenanza

A Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora de Bases de Réxime Local (BOE núm. 80, do 3 de abril de 1985), faculta aos Concellos para exercer competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de prestación de servizos sociais e de programación e reinserción social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, regula o dereito de tódalas persoas aos servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece no seu capítulo II do Título I, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma Lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fixo necesario establecer un marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedimentais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, establecéronse pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo e atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira - A Coruña
Tfno.: 981 885 381 Fax: 981 885 328
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS
servicios.sociales@concellodenegreira.es

O Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia, establece no seu artigo 7.b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise preciso adaptar a normativa municipal existente, en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existen en material de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

Por outra parte a *Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais y administrativas tamén modifica o citado Decreto 149/2013, de 5 de decembro pola necesidade de adaptar a normativa autonómica* ó disposto no Real decreto 675/2023, de 18 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para la autonomía e atención a dependencia, establecidas na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia.

O Decreto 148/2014, de 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, entre outros aspectos modifica a regulación co copagamento do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrência.

A Orde de 31 de maio de 2016 polo que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia, modifica os criterios para o financiamento do servizo de axuda no fogar, recollidos no anexo III do Decreto 99/2012.

Orde do 26 de marzo de 2026 pola que se actualiza o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, faculta aos concellos para a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira - A Coruña
Tfno.: 981 885 381 Fax: 981 885 328
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS
servicios.sociales@concellodenegreira.es

Decreto 142/2023 do 21 de setembro, polo que se regulan o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia do dereito as prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos competentes.

Orde do 30 de Novembro de 2023 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro do 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito as prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e procedemento dos órganos técnicos competentes.

Lei 5/2024 do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, pola que se modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, no relativo aos órganos consultivos e de participación; polo que se modifica 142/2023 do 21 de setembro polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito as prestacións do Sistema para a Autonomía e a atención a dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Negreira, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria, e de autoorganización dentro da esfera das súas competencia, regula os requisitos e condicións de prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través do presente Regulamento.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.- Obxecto.

É obxecto desta ordenanza establecer a regulación xeral do funcionamento do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo Concello de Negreira, como prestación básica do Sistema Público de Servizos Sociais.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación.

O establecido nesta ordenanza será de aplicación no territorio municipal de Negreira e a sede oficial estará emprazada nas dependencias do Concello de Negreira.

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo.

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse, a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira - A Coruña
Tfno.: 981 885 381 Fax: 981 885 328
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS
servicios.sociales@concellodenegreira.es

atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 4º.- Contido do servizo

De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención:

1. ATENCIÓNS CARÁCTER BÁSICO:

a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio, tales como:

- I. Asistencia para levantarse e deitarse.
- II. Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- VII. Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

b. Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria:

- I. Seguemento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
- II. Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.

c. Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia, tales como:

- I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira - A Coruña
Tfno.: 981 885 381 Fax: 981 885 328
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS
servicios.sociales@concellodenegreira.es

III. Preparación dos alimentos.

IV. Lavado e coidado das prendas de vestir, así como enxoval doméstico.

V. Apoio á unidade familiar.

VI. Coidados e mantemento básico da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico - profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. ATENCIÓNS CARÁCTER COMPLEMENTARIO:

O servizo de axuda no fogar poderá incorporar, unha vez garantido o nivel básico de atención, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.
- c. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- d. Adaptacións funcionais do fogar.
- e. Servizo de podoloxía.
- f. Servizo de fisioterapia.
- g. Terapia ocupacional.

3. OUTRAS ATENCIÓNS:

a. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

b. En todo caso, as **atencións prestadas terán un carácter de reforzo e complementario e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato**, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

4. ATENCIÓNS EXCLUÍDAS DO SERVIZO:

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- a. A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención.



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira - A Coruña
Tfno.: 981 885 381 Fax: 981 885 328
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS
servicios.sociales@concellodenegreira.es

b. Actuacións, que polo seu carácter sanitaria, deban en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.

c. A realización de tarefas hortícolas e/ou gandeiras.

d. Atender a outras persoas que residedan no domicilio, que non estean incluídas no proxecto de intervención.

Artigo 5º.- Persoas destinatarias.

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

3. As persoas destinatarias deberán estar empadroadas no concello de Negreira, excepto nos casos de traslados temporais de residencia.

Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias.

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.

2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.

3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.

4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.

5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.

6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.

7. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

8. A coñeceren a situación do seu expediente

9. A seren informadas, de maneira clara e precisa, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira - A Coruña
Tfno.: 981 885 381 Fax: 981 885 328
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS
servicios.sociales@concellodenegreira.es

medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.

10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.

11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias.

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Residir no domicilio habitual e no termo municipal de Negreira, a excepción dos traslados temporais de residencia.

2. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.

3. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideren resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.

4. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e pondo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.

5. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

6. Tratar co debido respecto a todo o persoal que intervéñ na prestación do servizo, sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra circunstancia social ou persoal

7. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais que lles presten o servizo e coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

8. Manter ós animais domésticos libres de parásitos e debidamente vacinados, para evitar todo tipo de contaxio ao persoal auxiliar que atende os domicilios, e illados, no momento de prestar o servizo.

9. Participar no pagamento dos servizos naqueles supostos concretos que se establecen no Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e nas normas municipais reguladoras correspondentes que o desenvolvan.

10. Comunicar inmediatamente aos servizos sociais ou a entidade prestadora en quen se delegue calquera anomalía que se observe na prestación do servizo.



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira - A Coruña
Tfno.: 981 885 381 Fax: 981 885 328
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS
servicios.sociales@concellodenegreira.es

11. Comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio (Anexo XIX).

12. A comunicar, cun mínimo de 24 horas de antelación a ausencia do domicilio, cobrándose o servizo igualmente cando non o faga.

13. No caso do servizo de axuda no fogar libre concorrência, a comunicar no prazo máximo de 3 meses, as modificacións das circunstancias persoais, sociofamiliares ou económicas.

14. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.

15. Non realizar cambios de horarios, tarefas, etcétera, sen autorización do técnico responsable do servizo.

16. Sufragar os gastos do material de limpeza, aseo e alimentación. Só en casos excepcionais, detectados polo persoal técnico responsable e previo informe ó respecto, valorarase a posibilidade de axuda económica por este concepto.

Artigo 8º.- Deberes dos/as auxiliares de axuda no fogar:

1. Respetar a intimidade da persoa usuaria e a súa familia. Manterán sxiilo profesional e discreción con respecto a súa vida privada, á das persoas usuarias e resto de profesionais do servizo.

2. Non permitir que sexa a persoa usuaria quen oriente o servizo, e manter unha relación de equilibrio efectivo. O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza coa persoa usuaria e coa súa familia interfira na correcta prestación do servizo.

3. Respetar os horarios e as tarefas establecidas no proxecto de intervención, e non facer cambios sen a previa autorización do/a profesional de referencia.

4. Non custodiar cartos, xoiás, nin obxecto algún da persoa usuaria ou da súa familia.

5. Non recibir ningún tipo de gratificación ou bonificación por parte da persoa usuaria ou da súa familia.

6. Non dispoñer de chaves de ningún domicilio, agás cando as condicións da situación concreta así o esixan, sempre con consentimento escrito da persoa usuaria ou da súa familia, así como do profesional de referencia (Anexo XVIII).

7. Non poderán ir acompañado/as de ningunha persoa axena ó traballo para a realización da prestación do servizo (cónxuge, fillos,...). Así mesmo, tampouco poderán delegar o servizo a prestar noutra auxiliar compañeira ou similar (familia, cuidadoras privadas...).

8. En ningún caso, o persoal auxiliar, poderá desprazar ás persoas usuarias no seu vehículo, no horario de prestación do servizo a non ser que sexa autorizado pola coordinadora do servizo nun momento puntual de urxencia.

9. Non facerlle traballos a outros membros da familia distintos dos beneficiarios, aínda que convivan na mesma casa, se así non está establecido no proxecto de intervención.

10. Non realizar tarefas que non foran incluídas no proxecto de intervención.



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira - A Coruña
Tfno.: 981 885 381 Fax: 981 885 328
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS
servicios.sociales@concello denegreira.es

11. No caso de ausencia os/as auxiliares deberán poñelo en coñecemento do xefe de persoal coa maior brevidade posible para facilitar así a súa substitución a fin de evitar a non prestación do servizo ós usuarios/as do mesmo.

12. Non facilitarán o seu teléfono persoal ás persoas usuarias ou ós seus familiares. No caso que a persoa usuaria solicite o teléfono facilitaráselle o teléfono da coordinadora.

13. Terán totalmente prohibido comer, beber (alcohol) e fumar tanto no domicilio da persoa usuaria como durante a prestación del servizo.

14. Deberán coidar a súa hixiene persoal e vestimenta para realizar a prestación do servizo.

15. Fora do horario de prestación asignado, non debe realizar tarefas para a persoa usuaria (compras, manter conversacións telefónicas...).

16. Non deben facer uso de auriculares nin teléfonos móbiles para cuestións axenas ó servizo durante a súa xornada de traballo. Asimismo, o personal auxiliar tampouco podrá realizar xestións persoais durante a súa xornada laboral (compras, xestións bancarias...).

17. Nunca poderán realizar operacións bancarias relacionadas coa persoa usuaria. Excepcionalmente, poderase facer si a acompaña a persoa usuaria ou algún familiar do mesmo, ou previa autorización de coordinación.

18. As limpezas extraordinarias na vivenda realizaranse como máximo cada seis meses (dúas veces ó ano), sempre que a persoa usuaria o teña contemplado nas tarefas domésticas prescritas no seu programa individual de atención (PIA). Aquela auxiliar que realice unha substitución puntual dun servizo, nunca poderá realizar limpezas extraordinarias

19. Non poderán modificar planificación semanal/horarios por conta axena baixo ningún concepto. (días, horas, comenzo antes un servizo...), salvo previa comunicación ó persoal de coordinación e autorización para elo, e recolléndose expresamente nos partes de firmas ou APP correspondente.

20. Deberán realizar o control diario da prestación do servizo, a través dos partes de firmas habilitados ou aplicación correspondente, é obrigatorio cumprimentar de forma correcta todos os datos de entrada, saída, incidencias....).

21. As licencias e permisos deberán ser solicitados coa suficiente antelación e sempre por vía electrónica e esperar a aceptación ou non de dito permiso ou licencia por parte da coordinación.

22. Nos casos que, por causa de forza maior, a auxiliar non puidera asistir á prestación do servizo, deberá comunicalo canto antes a coordinación, co fin de que o servizo quede cuberto.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓN COMÚNS.

Artigo 9º.- Formas de prestación do servizo.

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo Concello de Negreira ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira - A Coruña
Tfno.: 981 885 381 Fax: 981 885 328
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS
servicios.sociales@concellodenegreira.es

O servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais comunitarios do Concello de Negreira será coordinado por unha persoa técnica do departamento desta entidade local. No caso de entidades privadas que presten o SAF mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos ou que atendan a persoas usuarias derivadas no sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, atenderán os requirimentos de coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios municipais e establecerán un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria dirixido aos servizos sociais comunitarios do concello, así como información actualizada da intervención levada a cabo.

Artigo 10º.- Requisitos específicos.

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo esixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicaráse a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de “atención sociosanitaria” ou equivalente, ou do certificado de profesionalidade de “atención sociosanitaria a persoas no domicilio” ou equivalente.

3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo (Anexo XXI).

4. O Concello de Negreira, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo (Anexo V)

b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable e a persoa usuaria ou representante legal/coidador. (Anexo VII).



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira - A Coruña
Tfno.: 981 885 381 Fax: 981 885 328
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS
servicios.sociales@concellodenegreira.es

c. Un acordo de prestación do servizo asinado entre o Concello de Negreira e a persoa usuaria ou o seu representante legal (Anexo VIII).

d. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen (Anexo XXI).

5. Os solicitantes deben estar empadroados e residir no Concello de Negreira, excepto nos casos de traslados temporais de domicilio.

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal (Lei Orgánica 3/22018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais).

SECCIÓN 2ª. MODALIDADES, INTENSIDADE, TEMPORALIDADE E PRESTACIÓNS.

Artigo 11º.- Modalidades de acceso ao servizo,

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. Acceso por dependencia:

O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA), e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos.

Para estes efectos, o Concello de Negreira, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos (SIGAD Exttranet Concellos). As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

O Concello de Negreira poderá designar unha ou máis auxiliares de axuda no fogar a cada caso en función do proxecto de intervención individual e da organización xeral do servizo.

2. Acceso por libre concorrência:

Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrência.

As persoas solicitantes terán un prazo de 3 meses para solicitar a administración competente a valoración da dependencia, se fose o caso, e continuar o procedemento oportuno.

A extensión da prestación, para as persoas usuarias cuxa vía de acceso ó servizo de axuda no fogar fose por libre concorrência, incluído o acceso por urxencia sobrevida, virá condicionada polas posibilidades orzamentarias do programa consignadas polo Concello de Negreira.



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira - A Coruña
Tfno.: 981 885 381 Fax: 981 885 328
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS
servicios.sociales@concellodenegreira.es

3. Acceso por urxencia sobrevida:

A alta producirase nun prazo inferior a 48 horas, e de 24 horas no caso de extrema urxencia. A duración do servizo de axuda no fogar non será superior a tres meses, dende a alta efectiva, salvo prescrición técnica debidamente motivada. Transcorrida a temporalidade marcada, para manter a alta no servizo, deberá tramitarse novamente, a través das condicións establecidas no servizo de libre concorrência.

SECCIÓN 3ª. DO PROCEDEMENTO

Artigo 12º.- Solicitudes e documentación.

1. Para o acceso por dependencia:

As persoas que teñan recoñecida unha situación de dependencia, que se lles asignara o servizo de axuda no fogar no Proxecto Individual de Atención e no Programa de Asignación de Recursos, achegarán, se fose o caso, a seguinte documentación:

- Resolución do Plan Individual de Atención.
- Documentación acreditativa do representante legal, de ser o caso (Anexo XX).
- Informe médico e pauta farmacolóxica actualizada, asinada polo persoal facultativo, de ser o caso.
- Certificación bancaria do número de IBAN bancario, ao efectos do cargo da taxa correspondente pola prestación do servizo (Anexo IV).

2. Para o acceso por libre concorrência:

O procedemento iníciarase a instancia da persoa interesada, gardador/a de feito ou representante legal, mediante a presentación da solicitude (Anexo I), en modelo normalizado, dirixida ao Alcalde no Rexistro Xeral do Concello de Negreira por sede electrónica preferiblemente, sen prexuízo do previsto na Lei de Procedemento Administrativo Común, xunto coa seguinte documentación:

- Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- Fotocopia do libro de familia no caso de que sexan menores de idade ou documento equivalente.
- Volante de empadramento colectivo de convivencia, no caso de non autorización para a consulta do Padrón Municipal (Anexo XVI).
- Informe de condicións de saúde da persoa interesada (Anexo III), ou autorización para petición (Anexo XVII).
- Certificado de discapacidade, se é o caso, ou autorización para a súa consulta (Anexo XVI).



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira - A Coruña
Tfno.: 981 885 381 Fax: 981 885 328
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS
servicios.sociales@concellodenegreira.es

- Resolución do grao de dependencia, se é o caso, ou autorización para a súa consulta (Anexo XVI).
- Xustificante de ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e/ou outros bens que posúan tódalas persoas residentes na mesma unidade de convivencia, por medio da seguinte documentación:
 - a. Declaración da renda ou autorización para consulta de datos fiscais (Anexo XVI).
 - b. Certificación de pensións ou prestacións percibidas do órgano competente, no caso de pensións ou prestacións percibidas do estranxeiro, certificación da contía perciba ou autorización para consulta (Anexo XVI).
 - c. Certificado de bens mobles e/ou inmoebles, xustificando rendementos, ganancias e perdas ou autorización para consulta de datos fiscais (Anexo XVI)
 - d. Certificación bancaria do número de IBAN bancario, ao efectos do cargo da taxa correspondente pola prestación do servizo. (Anexo IV).
 - e. Información fiscal bancaria bancarias, valores e depósitos a 31 de decembro do ano anterior á solicitude.
 - f. *Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios.*
- No caso de que a persoa solicitante actúe a través de representante ou coidador de feito, deberá presentar:
 - a. Copia de sentenza de incapacitación legal ou de medidas de apoio e nomeamento de titor/a, curator/a, gardador/a, de ser o caso.
 - b. Declaración xurada de gardador de feito (Anexo XX).
- Durante a tramitación do expediente poderase solicitar calquera outra documentación que se valore oportuna en relación coa prestación solicitada.
- O Concello garante a confidencialidade dos datos obtidos na tramitación dos expedientes de conformidade coa lexislación vixente.
- O Concello resérvase as actividades inspectoras que considere oportunas sobre os datos achegados e relacionados co servizo que se solicita. Se do resultado destas comprobacións se puxera de manifesto datos distintos aos aportados pola persoa solicitante, que houberan dado lugar á concesión do servizo, adoptaranse as medidas precisas para corrixir e, no seu caso, reparar o prexuízo causado, podendo chegar á suspensión do servizo.
- O prazo de presentación das solicitudes será todo o ano.



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira - A Coruña
Tfno.: 981 885 381 Fax: 981 885 328
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS
servicios.sociales@concellodenegreira.es

3. Para acceso por urxencia sobrevida:

Poderá iniciarse o servizo de axuda no fogar só coa solicitude presentada no Rexistro do Concello, requirindo, en todo caso, informe proposta favorable de alta provisional do/a traballador/a social de referencia (Anexo VI). No prazo de 10 días hábiles, dende a alta efectiva, deberá aportar a documentación esixida no artigo 12 desta ordenanza, no caso de non presentala será causa de baixa no servizo e arquivo de expediente.

O persoal de servizos sociais solicitará de oficio, a outros departamentos municipais, información relativa ao cumprimento do requisitos de empadramento, sen prexuízo da obtención da correspondente autorización por parte da persoa interesada consorte a normativa vixente en materia de protección de datos.

Artigo 13.- Valoración de solicitudes para o acceso por libre concorrência.

Os servizos sociais do Concello de Negreira comprobarán que, a persoa solicitante, reúnen os requisitos recollidos no regulamento. De non ser así requiriráselle, para que no prazo de 10 días, emende ou achegue os documentos preceptivos, con indicación que de non ser así, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 38/2015, de 1 de outubro, se entenderá que desiste do seu pedimento.

No acceso a libre concorrência empregárase un baremo determinado, recollido no Anexo II, da presente ordenanza, no que ademais dos posibles déficits de autonomía da persoa, se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, apoio social, situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a súa normalización e a calidade de vida.

As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social de referencia dos servizos sociais comunitarios do concello, unha vez realizada a correspondente visita a domicilio, determinará, mediante o informe social, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta tódalas circunstancias de necesidade.

Artigo 14.- Proposta e resolución para o acceso por libre concorrência.

O traballador/a social de referencia elaborará un informe-proposta (Anexo VI) que será elevado ao órganos competente para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses. No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade a solicitude incluírase na listaxe de agarda, a prioridade virá determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da solicitude.

A resolución de aprobación que se dite notificarase á persoa interesada ou ao seu representante legal (Anexo XXIII).

Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, o órgano competente resolverá o expediente, á vista do informe -proposta (Anexo VI) do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira - A Coruña
Tfno.: 981 885 381 Fax: 981 885 328
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS
servicios.sociales@concellodenegreira.es

procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación que o desencadeou, sen poder superar os tres meses. A desaparición desta causa levará consigo a extinción do servizo e a tramitación, previa solicitude, pola vía ordinaria, de ser o caso.

Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo a sinatura do acordo de servizo (Anexo VIII), a modo de compromiso de respecto ás normas do servizo que conterá como mínimo o tipo de atención, a intensidade horaria, a achega económica correspondente ou gratuidade se procede, a aceptación domiciliación bancaria, e a temporalización do mesmo.

Artigo 15.- Denegación do servizo para o acceso por libre concorrência.

As solicitudes de prestación do servizo de axuda no fogar poderán ser denegadas polo seguinte:

1. Non reunir os requisitos de acceso establecidas na presente ordenanza.
2. Non acadar 6 puntos na aplicación do baremo establecido na presente ordenanza.
3. Que a persoa usuaria poida satisfacer axeitadamente as súas necesidades por si mesmo/a e/ou co apoio dos seus familiares.
4. Que a necesidade alegada non sexa obxecto de cobertura polo servizo de axuda no fogar.
5. Que non se acepten as condicións do servizo municipal en canto á prestación e á obriga de participar no pagamento dos servizos naqueles supostos concretos que se establezan na ordenanza.
6. Que persistan as circunstancias que motivaron a extinción do servizo a través dun expediente sancionador.
7. Que a vivenda non reúna as mínimas condicións de habitabilidade, careza de auga, de luz... sexa unha infravivenda, chabola ou similar, segundo estableza a lexislación vixente.
8. Que a persoa usuaria ou a persoa que a represente se negue a facilitar os medios oportunos e condicións para que sexa levado a cabo o servizo.
9. Calquera outra causa, debidamente motivada.

SECCIÓN 4ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 16º.- Desenvolvemento da prestación do servizo.

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que á persoa usuaria, que acceda ao servizo na modalidade de dependencia, se lle asigna dende o Programa de Asignación de Recursos ou dende que se dita a resolución pola órgano competente, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrência. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días e de 24 horas nos casos de extrema urxencia.

2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico do concello ou da empresa xestora do servizo, de ser o caso, avaliará a situación e establecerá en consenso coa persoa usuaria, as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira - A Coruña
Tfno.: 981 885 381 Fax: 981 885 328
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS
servicios.sociales@concellodenegreira.es

